

O poeta Kiko Neves nun momento do recital poético-musical da edición do ano 2003 do Festival da Poesía no Condado en Salvaterra de Miño

SALVATERRA DE MIÑO Do 1 ao 3 de setembro celébrase a XIX edición do Festival da Poesía no Condado, convocado so o lema da defensa do noso patrimonio fluvial

Poetas e moito máis

No seu programa destaca a música, o cinema e o recital con algúns dos mellores escritores do país


Iván Cuevas · Santiago

Salvaterra de Miño vira un ano máis na capital poética de Galiza. Os vindeiros 1, 2 e 3 de setembro, esta vila do sur do país acollerá o XIX Festival da Poesía no Condado, unha das nosas citas culturais máis antigas, que desde 1981 vén convocando a Sociedade Cultural e Deportiva do Condado, cun só parón entre 1996 e 2001.

Desde o Recital Poético-Musical á volta do cal se organizan todas as actividades, que terá lugar o sábado a partir das oito da tarde, lanzarán as súas verbas Antón Lopo, Mário Herrero, María Comesaña, Emma Couceiro, Alfonso Pexegueiro, Bernardino Graña, María do Carmo Kruckenberg, Luz Pozo e José Viale Moutinho. Como poetas convidados achegaranse até Salvaterra os vascos José Luis Otamendi e Iñigo Aramburi e a catalá María Cabrera, e o presentador do recital será Quico Cadaval. Enlazada coas súas palabras sonará a música: o folc de Os Carunchos, A Quenlla e Miro Casabella, a pachanga de A Matraca Perversa e a caboverdiana Nancy Vieira.

Mais non todo é poesía no Festival. Aliás, caracterízase por unir ao recital dos mellores poetas do noso país un espírito de combate que sirva de altofalante ás principais reivindicacións da sociedade. Nesta ocasión a quenda é para a defensa do patrimonio fluvial, e a cultura convócase so o lema de "Salvem os ríos" e directamente de fronte contra a sobre-explotación e os encoros. Deste xeito, convócase para a mañá do sábado unha mostra de material ambientalista sobre os ríos, no que se espera a presenza de dúcias de colectivos de todo o país. Tamén haberá o sábado á unha e cuarto dúas palestras sobre o tema, con Daniel Vispo, de Adegas e Xavier Simón, da Plataforma en Defensa do Minho.

O Festival da Poesía, porén, comeza ben antes. O xoves 1 de setembro, ás dez da noite, terá lugar a segunda Jornada do Audiovisual Galego. Este ano farase unha panorámica pola produción cinematográfica de Galiza, desde o mais antigo (*Galicia* de Carlos Velo, *O monte é noso* de Llorenç Soler e *Mamasunción* de Chano Piñeiro) até o mais actual (*CCCV* (*Cine Clube Carlos Varela*) de Ramiro Ledo Cordeiro, que se estreará oficialmente alí). Tamén se proxectarán as curtometraxes premiadas no Festival de Cans: *Minotauromaquia*, *Pablo no Labirinto*, de Juan Pablo Etcheverry, *Corten e Intensidade*, de Mario Iglesias e *Onde non o esperas*, de Diego Méndez.



Imaxe do río Miño tomada desde as beiras galegas

COMBATIVO

Alianza entre a cultura e os ríos

"No país dos mil ríos, son tamén miles os versos que os interpretan e os defenden. Conservar a integridade dos nosos ríos, as nosas paisaxes fluviais e acuáticas, a inmensa biodiversidade que foron capaces de xerar e albergar, pasa

por recrear as vivencias individuais e colectivas arredor da agua e dos ríos. (...) A alianza entre ríos e cultura é hoxe e no futuro un pilar básico para a sobrevivencia mutua" (Texto de Manuel Soto Castiñeira, tirado do limiar do libro do Festival).

O mesmo xoves abrirán tamén as distintas exposicións que se desenvolverán na Casa do Conde e as Covas de Dona Urraca. Nelas, poderase admirar a pintura de Augusto Fontán e do Grupo de Artistas Luso-Galegos e a escultura en madeira de Serra, alén de diversas fotografías sobre o Miño (de Afonso G. Sestelo), a Ulloa e a resistencia contra os encoros (mostras colectivas).

O 2 de setembro celébrase a Noite do Brasil, dentro do espazo que o Festival reserva cada ano a un país lusófono. No espectacular contorno das Covas de Dona Urraca, poderase contemplar a actuación do Trío Pagu e Alex Liberallis, no entanto se consume feixoada, viño ou caipirinha.

Outro espazo do Festival é o dedicado aos máis pequenos. O sábado, a partir das cinco da tarde, os picaros poden desfrutar no parque da Canda da Festa Infantil, con *Narigudos*, de Tanxarina Titeres, os contos de Paula Carballera e as exhibicións de aeromodelismo, ultralixeiros e piragüismo. Ademais, o "comboio de baixa velocidade" percorrerá Salvaterra e Monção.

Enen aí remata o Festival da Poesía. Continúa, con outras actividades como as mostras de artesanía ao vivo ou o "pasa corredoiras" d'Os seis do Condado, argallando todo un extenso e coidado programa que xa vai tempo que o establece como unha das mellores convocatorias culturais do país. ●